




**Oferta persoal Estatutario 2021**  
**Técnico/a de farmacia**  
**Acceso discapacidade intelectual**



**Segundo exame: Parte específica**

**Instrucións en galego**

- O exame ten 30 preguntas.  
Debes marcar as respostas na folia de respostas.  
Tamén tes que contestar as preguntas de reserva.
- Tes **2 horas** para facer o exame.
- Todas as preguntas teñen 4 respostas.  
Só 1 resposta é correcta.  
As preguntas que respondas ben suman 3 puntos.  
As preguntas que deixes en branco non puntúan.  
As preguntas que respondas mal non puntúan.
- Cando termines o exame tes 2 opcións:
  - Opción número 1:  
**Se tes que facer o exame de galego,**  
espera as instrucións do persoal da organización.
  - Opción número 2:  
**Se non tes que facer o exame de galego,**  
entrega o cuestionario e a folia de respostas.  
Debes entregar o cuestionario e a folia de respostas  
ao persoal da organización.  
A persoa da organización entregarache  
a copia da folia de respostas de cor azul.
- Podes descargar o cuestionario de preguntas  
na páxina web [www.sergas.es](http://www.sergas.es)

**Le con atención as normas para cubrir as respostas do exame.**

**1. Os materiais elastómeros para o acondicionamento dos medicamentos:**

- A) Están prohibidos.
- B) Adoitan usarse para obturación de envases de uso farmacéutico como por exemplo viais, frascos e xiringas.
- C) Están en desuso polo seu perigo.
- D) Nunca se usaron esos materiais para o acondicionamento farmacéutico.

**2. Cal das seguintes formas farmacéuticas de administración tópica pretende efectos sistémicos?:**

- A) Ungüento.
- B) Pomada.
- C) Parche transdérmico.
- D) Loción.

**3. As boticas de primeiros auxilios son establecementos de atención farmacéutica vinculados a:**

- A) Un servizo de farmacia dun centro comunitario.
- B) Unha oficina de farmacia.
- C) Un servizo de farmacia de atención primaria.
- D) Un servizo de farmacia hospitalaria.

**4. O punto de pedido dun medicamento indica:**

- A) O stock mínimo.
- B) O stock de seguridade.
- C) O stock de alerta.
- D) O stock máximo.

**5. Son sistemas dispersos homoxéneos:**

- A) As emulsións.
- B) As disolucións.
- C) As suspensións.
- D) Os xeles.

**6. Indique a vía de administración parenteral directa:**

- A) Vía intramuscular.
- B) Vía subcutánea.
- C) Vía intraarticular.
- D) Vía intravenosa.

**7. Os medicamentos termolábiles que levan o símbolo de neve (\*) no ángulo dereito do envase son:**

- A) Os que deben ser conservados protexidos da luz.
- B) Os que deben ser conservados a unha temperatura de entre 2 e 8 graos centígrados.
- C) Os que deben gardarse en armarios ou caixas de seguridade dotados de chave.
- D) Os que deben manterse en posición vertical para o seu almacenamento.

**8. Segundo as recomendacións xerais na administración de comprimidos por vía oral vostede pode:**

- A) Partir o comprimido, se non está rañurado.
- B) Triturar un comprimido con cuberta entérica.
- C) Diluír unha forma de liberación controlada.
- D) Preservalos da humidade, a luz e o aire.

**9. Sinale o produto biocida que é un antiséptico:**

- A) Hipoclorito sódico.
- B) Formaldehído.
- C) Peróxido de hidróxeno.
- D) Glutaraldehído.

**10. Ao envase ou calquera outra forma de acondicionamento que se atope en contacto directo co medicamento, chámasele:**

- A) Acondicionamento secundario.
- B) Acondicionamento primario.
- C) Material de protección.
- D) Embalaxe.

**11. A ficha técnica dun medicamento inclúe:**

- A) Nome do medicamento.
- B) Datos farmacéuticos.
- C) Titular da autorización de comercialización.
- D) Inclúe todo o anterior.

**12. Sinale cal é a resposta FALSA. Para a conservación e almacenamento dos medicamentos débese:**

- A) Revisar periodicamente as caducidades.
- B) Repoñer de diante cara atrás, de abaixo arriba e de esquerda a dereita.
- C) Gardar os medicamentos fotosensibles no envase orixinal ou nun frasco de topacio.
- D) Gardar os medicamentos termolábiles na neveira e sen estar en contacto coas paredes por risco de conxelación.

**13. Que é un preparado oficial?:**

- A) Aquel medicamento elaborado e garantido por un farmacéutico. Dispensado na súa oficina de farmacia. Enumerado e descrito polo Formulario Nacional e destinado á súa entrega directa aos enfermos.
  - B) Substancia empregada na fabricación dun medicamento.
  - C) Forma farmacéutica dun principio activo que se utiliza nun ensaio clínico.
  - D) O medicamento destinado a un paciente individualizado.
- O farmacéutico prepara o medicamento para cumprimentar unha prescrición facultativa detallada.

**14. Que se mide en gramos/centímetros cúbicos (g/cm<sup>3</sup>):**

- A) Osmolaridade.
- B) Densidade.
- C) Volume.
- D) Presión.

**15. O calendario vacinal do SERGAS recomenda administrar aos profesionais sanitarios unha vacina en campaña anual. Cal é?:**

- A) Sars-cov2.
- B) Gripe.
- C) Hepatite B.
- D) Meningococo C.

**16. Cal das seguintes sería unha análise de feces?:**

- A) Urocultivo.
- B) Hemocultivo.
- C) Coprocultivo.
- D) Ningunha delas é unha análise de feces.

**17. O Código Nacional dun medicamento:**

- A) Está formado por 5 díxitos.
- B) Debe aparecer no ángulo superior dereito precedido das siglas CN.
- C) Está formado por 9 díxitos.
- D) Está formado por 5 díxitos e 1 letra.

**18. Cal dos seguintes NON é un axente da educación para a saúde?:**

- A) Médico.
- B) Traballador Social.
- C) Veterinario.
- D) Todos os anteriores son axentes da educación para a saúde.

**19. Sinale cal destas áreas NON pertence a un servizo de farmacia hospitalaria:**

- A) Área de almacén.
- B) Área de dispensación.
- C) Área sociosanitaria.
- D) Área de Farmacotecnia.

**20. Cal dos seguintes materiais é funxible?:**

- A) O ordenador.
- B) A mesa.
- C) As luvas.
- D) A balanza

**21. Cal destas vías de excreción dos fármacos é a máis importante?:**

- A) Suor.
- B) Renal.
- C) Saliva.
- D) Seme.

**22. O usuario debe pagar todo o importe dos:**

- A) Medicamentos non financiados.
- B) Medicamentos exentos de achega.
- C) Medicamentos financiados.
- D) Medicamentos de achega reducida.

**23. As formas farmacéuticas constituídas por un ou máis principios activos insolubles dispersos nun vehículo líquido son:**

- A) Emulsións.
- B) Solucións.
- C) Suspensións.
- D) Xaropes.

**24. O nome do recipiente de vidro con forma de cono, pescozo cilíndrico e base plana que se utiliza para queantar líquidos é:**

- A) Pipeta.
- B) Vaso de precipitados.
- C) Matraz Erlenmeyer.
- D) Probeta.

**25. O procedemento polo cal se envasa un medicamento para que se poida administrar ao paciente á dose prescrita, coñécese como:**

- A) SDMDU.
- B) Dosificado.
- C) Reenvasado.
- D) Encapsulado.

**26. As materias primas débense almacenar asegurando a súa conservación e evitando a contaminación cruzada.**

**Indique a forma correcta de almacenalas:**

- A) Serán almacenadas directamente sobre o chán ou sobre a mesa de traballo.
- B) Serán colocadas en lugares de paso para facilitar a súa reposición.
- C) Poderán ser colocadas en lugares que reciban luz solar directa.
- D) Serán separadas por incompatibilidades.

**27. O código nacional dun medicamento adxudícao:**

- A) A Dirección Xeral de Farmacia.
- B) A Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios.
- C) O Consello Xeral de Colexios Farmacéuticos.
- D) As autoridades correspondentes das comunidades autónomas.

**28. Coidar correctamente os equipos de protección individual é:**

- A) Unha recomendación para o traballador.
- B) Unha obrigaón do traballador.
- C) Unha recomendación para o empresario.
- D) Unha obrigaón do empresario.

**29. Os medicamentos de "diagnóstico hospitalario" na súa embalaxe exterior, xunto ao código nacional teñen a sigla:**

- A) UH.
- B) DH.
- C) H.
- D) ECM.

**30. A administración de varios fármacos xuntos produce ás veces interaccións entre eles. Cal das seguintes é unha interacción farmacodinámica?:**

- A) Interacción antagonista.
- B) Modificación da absorción.
- C) Modificación da distribución.
- D) Modificación da excreción.

Preguntas de reserva

**1. A hixiene de mans é unha parte moi importante no noso traballo.**

**Segundo a Organización Mundial da Saúde, a hixiene de mans con xel hidroalcohólico debe durar:**

- A) De 20 a 30 segundos.
- B) De 40 a 60 segundos.
- C) De 10 a 15 segundos.
- D) De 70 a 90 segundos.

**2. Que forma teñen os sinais de advertencia?:**

- A) Cadrada.
- B) Redonda.
- C) Triangular.
- D) Calquera tipo de forma